

Federación Galega de Caza
REXISTRO XERAL

SAÍDA Nº 036

DATA: 19/02/2026

DON JOSÉ MOURE CANEDA, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC), DA QUE É PRESIDENTE DON LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ, -----

CERTIFICA:

Que a comisión executiva da Federación Galega de Caza (FGC), en reunión celebrada o 10-2-2026, dando cumprimento ao disposto no Decreto 16/2018, modificado polo Decreto 171/2021, **ACORDOU APROBAR O CALENDARIO ELECTORAL** que rexerá a Fase I das eleccións á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada da FGC, e **PROCEDER Á SÚA PUBLICACIÓN XUNTO CO CENSO ELECTORAL INICIAL** dos diferentes estamentos e circunscricións electorais no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións, así como na páxina web no apartado Eleccións.

Os datos contidos no censo inicial están supeditados á aprobación do Regulamento Electoral da FGC por parte da súa asemblea xeral e da Secretaría Xeral para o Deporte, así como do acollemento á excepción prevista na Disposición adicional 4ª do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, por parte da Secretaría Xeral previa aprobación da súa solicitude pola asemblea xeral da FGC.

E para que conste aos efectos oportunos, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a dezanove de febreiro de dous mil vinte e seis.

Vº pº
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo: Luis Eusebio Fidalgo Álvarez

Asdo.: José Moure Caneda

ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL, PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

CALENDARIO ELECTORAL 2026, FASE I

FASE I. CENSO INICIAL	Desde	Ata
.- Prazo de exposición do censo electoral inicial no taboleiro de anuncios da FGC, nas Delegacións Provinciais e na web da FGC (<i>sección procesos electorais</i>). .- Prazo no que as entidades deportivas poden solicitar á xunta directiva da FGC, que figure como representante da entidade no censo unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade e así o acredite mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia. .- Presentación de reclamacións contra o censo electoral inicial, ante a xunta directiva da FGC.	27 febreiro	9 marzo
.- Resolución da xunta directiva da FGC sobre as reclamacións contra o censo electoral inicial, e publicación do mesmo no taboleiro de anuncios da FGC, nas Delegacións Provinciais e na web da FGC (<i>sección procesos electorais</i>).	10 marzo	15 marzo
.- Remisión do censo electoral inicial coas reclamacións e cos calendarios deportivos á Secretaría Xeral para o Deporte.	16 marzo	21 marzo
.- Emisión do certificado sobre as entidades deportivas, pola Secretaría Xeral para o Deporte.	22 marzo	27 marzo
.- Elaboración do censo electoral provisional, pola xunta directiva da FGC.	Na data da convocatoria electoral prevista na Fase II do calendario electoral	